

**CENTENARIO DA FOLGA A CANADENSE,
POLA QUE SE CONSEGUIU QUE A XORNADA
LABORAL FOSE DE 8 HORAS**

10
de Maio
2019



**AGORA MÁIS QUE NUNCA!
MÁIS ORGANIZACIÓN E MÁIS LOITA
NA RÚA**

A loita si que serve

Sen dúbida, a consecución da xornada laboral de 8 horas é o fito máis importante do movemento obreiro do estado español. Un logro que veu precedido por unha folga que durou 44 días e que se iniciou na empresa Riegos y Fuerzas del Ebro de Barcelona, coñecida popularmente como “A Canadense”, por ser o seu socio maioritario o Canadian Bank of Commerce de Toronto.

O motivo da folga foi o despedimento de 8 obreiros que se negaron a aceptar unha redución do seu salario. Inmediatamente uníronse á folga os traballadores e traballadoras das empresas téxtiles para, un pouco máis tarde, unírselles todo o persoal dos ramos da electricidade, a auga e o gas. Paulatinamente a paralización dos servizos públicos foi total: o 70% das fábricas estaban paradas como consecuencia da folga ou da falta de subministración eléctrica, chegando a declararse o estado de guerra.

A pesar de todo, o movemento obreiro encabezado polos anarcosindicalistas da CNT non se rendeu, de tal forma que se alcanzou un acordo polo que se aceptaba a xornada de 8 horas e o pago da metade dos salarios do tempo que durou a folga. O goberno comprometeuse ademais a poñer en liberdade a quen estivesen presos por causas sociais, a levantar o estado de guerra e a readmitir a todas as persoas folguistas sen represalias. Todo isto ocorreu entre febreiro e marzo de 1919. Acábanse de cumprir, por tanto, cen anos desta importante conquista social.

Fai cen anos que unha folga que se iniciou nunha fábrica pola solidariedade con 8 traballadores, cambiou para sempre a vida de toda a clase obreira, tanto é así que a OIT, fundada nese mesmo ano de 1919, inspirouse nesta situación para a redacción do seu primeiro convenio polo que fai universal a xornada de 8 horas.

Os tempos non cambiaron tanto. A explotación laboral que sufrían os traballadores e traballadoras hai un século segue vixente agora, baixo outras formas de precariedade e abusos patronais. A liberdade vese ameazada co auxe de ideoloxías totalitarias e coas leis regresivas dos últimos gobernos. A metade da poboación segue marxinada e sufrindo a intolerable secuela da violencia machista. Négase a existencia do cambio climático e propíciase polos mercados a sobreexplotación do planeta. Non, os tempos non cambiaron tanto.

Por iso é agora tan necesario, como o foi entón, que a clase traballadora se organice e tome as rúas en defensa dos seus dereitos, da súa liberdade, dunha igualdade real entre homes e mulleres, da defensa do planeta e dunha forma de vida digna.

A folga da Canadense e as posteriores mobilizacións foron posibles grazas a que a clase traballadora de entón organizouse en torno ao movemento anarcosindicalista, demostrándose que é a mellor forma de organización para a nosa clase. Demostrando tamén que a folga, que a loita na rúa, serve para transformar as cousas.



Confederación
Xeral do
Traballo

Viva a CGT

Viva a loita da clase traballadora

Viva o 1º de Maio!